




## PROGRAMACIÓN GRUPO A (outubro - decembro 2010)



### **Raíz e soño (Canción de Oleiros), de Xavier Seoane**

Recopilación da obra poética adicada por Xavier Seoane ás terras de Oleiros. Realizadas entre os anos 1976 e 2008, estas composicións amosan o eco constante dos moitos anos vividos nos gratos lugares de Oleiros que tanto leva gozado. "Alí escribín unha gran parte dos meus libros e alí é onde me gustaría descansar, se posible, espido de equipaxe."  
**ENCANTO LITERARIO CON XAVIER SEOANE: 27 DE OUTUBRO ás 19.00 h. EN RIALEDA**

### **Non me deixes nunca, de Kazuo Ishiguro**

Novela de iniciación ambientada nun internado británico. O despertar á vida dos seus persoaxes, o seu medre como persoas dentro duns límites impostos dende fóra son narrados a través dun triángulo amoroso. Kazuo Ishiguro é un novelista de orixe xaponés establecido en Inglaterra dende 1960. Gañador do premio Whitbread.



### **Olive Kitteridge, de Elizabeth Strout**

Premio Pulitzer 2009. Son trece relatos unidos por un nexo común, a profesora retirada Olive Kitteridge ofrece a súa óptica particular sobre a vida cotiá dunha pequena vila mariñeira do condado de Maine. Elizabeth Strout gañou asimesmo o National Book Award con este título.

### **Monte Louro, de Luis Rei Núñez**

Unha peripecia vital encadrada nos anos de posguerra, dende Muros pasando por Barcelona para rematar en Bos Aires. Monte Louro será, nembargantes o poderoso e inesquecido referente da infancia do protagonista deste longa novela pola que o xornalista Luis Rei acadou o Premio Blanco Amor 2009.



### **Memorial del convento, de José Saramago**

A gran novela histórica do Portugal do século XVIII, ten como motivo central a construción dun convento franciscano en tempos do rei Joao V e a historia dalgúns dos personaxes que se ven envoltos nesta grande empresa. Premio Nobel de Literatura 1998 afincado en Lanzarote ata a súa morte en xuño de 2010.

### **Lo que esconde tu nombre, de Clara Sánchez**

A tranquila vida na costa de Levante dun matrimonio noruego de octoxenarios de pasado nazi ata que se cruza na súa vida Julián, un republicano español que estivo prisioneiro no campo de Mauthausen e chega a España dende Arxentina. Premio Nadal 2010.

